



**PREMIOS**  
Consello Social UDC

**IMPULSO UDC**  
**CONFIANZA UDC**

Consello Social  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**I EDICIÓN DOS PREMIOS DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA  
CORUÑA**

PREMIO IMPULSO UDC, AOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN MÁIS COMPETITIVOS DA  
UDC

PREMIO CONFIANZA UDC, AO COMPROMISO DA EMPRESA COA UNIVERSIDADE

**ANO 2011**

## **I EDICIÓN DOS PREMIOS DO CONSELLO SOCIAL DA UDC**

**PREMIO IMPULSO UDC, AOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN MÁIS COMPETITIVOS DA UDC  
PREMIO CONFIANZA UDC, AO COMPROMISO DA EMPRESA COA UNIVERSIDADE**

### **XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS XERAIS DA CONVOCATORIA**

Reunido en sesión ordinaria o pasado 27 de abril de 2011 e ao abeiro da competencia que lle confire a Lei 1/2003 dos Consellos Sociais de Galicia no seu art. 3.1 h) , o Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña acordou a creación dos Premios IMPULSO UDC, aos grupos de investigación máis competitivos da UDC, e CONFIANZA UDC, ao compromiso da empresa coa Universidade, delegando na Comisión de Relacións Universidade – Sociedade a elaboración e aprobación das bases reguladoras da súa primeira convocatoria correspondente ao ano 2011.

A través desta iniciativa o Consello Social da Universidade da Coruña pretende honrar e recoñecer públicamente aos grupos de investigación da nosa institución e ás empresas do seu contorno que destacasen pola súa singular contribución á consecución de obxectivos que dende a perspectiva da misión, visión e compromiso do Consello Social da UDC contribuen á implantación dun modelo produtivo baseado na transmisión e explotación do coñecemento.

Neste senso, IMPULSO UDC e CONFIANZA UDC nacen como instrumentos de fomento orientados a favorecer a implantación de boas prácticas na transferencia de coñecemento, internacionalización e captación de recursos por parte dos grupos de investigación da nosa Universidade e como fórmula para recoñecer o labor daquelas empresas e institucións do noso contorno, que nun exercicio de confianza na institución universitaria apostan pola colaboración coa Universidade da Coruña como vía para avanzar cara a meta do progreso.

No exercicio da delegación outorgada polo Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña, a Comisión de Relacións Universidade Sociedade, reunida o pasado 7 de xuño de 2011, acordou a aprobación das seguintes bases, polas que se regula a convocatoria dos Premios IMPULSO UDC e CONFIANZA UDC para o ano 2011.

**BASES DA CONVOCATORIA DO PREMIO IMPULSO  
UDC AOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN MÁIS  
COMPETITIVOS DA UDC  
ANO 2011**

**PRIMEIRA. OBXECTO DOS PREMIOS**

A través do premio IMPULSO UDC, o Consello Social da Universidade outorgará recoñecemento público aos grupos de investigación da Universidade da Coruña máis competitivos, segundo os termos establecidos na base cuarta da presente convocatoria.

**SEGUNDA. PERFIL DOS CANDIDATOS**

Só poderán ser beneficiarios do premio IMPULSO UDC os grupos de investigación que se atoparan inscritos no Catálogo de investigación desta Universidade na data de apertura do prazo de presentación das propostas de candidaturas.

**TERCEIRA. NATUREZA, CONTÍA E DESTINO DO PREMIO**

Os premios estarán financiados con cargo ao presuposto do Consello Social. Na súa primeira edición estarán dotados con 3000 € que serán destinados a financiar a adquisición de material bibliográfico ou informático, que será adquirido por pedimento do grupo que resulte galardoado e pasará a formar parte dos fondos bibliográficos e do patrimonio da UDC.

Do mesmo xeito, a condición de premiado baixo a modalidade IMPULSO UDC outorgará ao grupo de investigación premiado o dereito ao uso do logotipo que figura no Anexo II das presentes bases.

O grupo que resulte premiado poderá incorporar o logotipo como imaxe na papelería, páxina web ou calquera campaña de marketing que emprenda, comprometéndose a non introducir alteracións ou modificacións de ningún tipo, salvo aquelas necesarias para adecuar as dimensións do logotipo ao soporte impreso ou dixital no que se pretenda insertar.

O grupo que resulte premiado comprométese a comunicar ao Consello Social da Universidade da Coruña os usos aos que fora destinado o logotipo e remitirá copia impresa ou electrónica dos soportes nos que se pretenda insertar o mesmo.

O uso do logotipo en ningún caso implicará que o grupo de investigación galardoado actúa en nome do Consello Social da UDC, nin que este avale as súas actividades futuras. Trátase dun recoñecemento aos méritos acadados ata o peche do prazo de presentación de candidaturas.

O Consello Social da Universidade da Coruña resérvase o dereito a revogar de forma motivada, temporal ou

definitivamente, a autorización do uso do logotipo previsto no Anexo II das presentes bases.

**CUARTA. VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS**

A Comisión de Relacións Universidade - Sociedade do Consello Social será o órgano encargado de valorar as candidaturas e de elevar ante o Pleno do Consello Social a proposta de concesión do premio. No exercicio do seu labor como xurado, a Comisión de Relacións Universidade Sociedade do Consello Social da Universidade da Coruña poderá valerse do apoio técnico necesario para o mellor desenvolvemento das súas funcións.

A Comisión de Relacións Universidade Sociedade avaliará as candidaturas presentadas e propondrá a concesión do premio IMPULSO UDC ao candidato que destacase singularmente na consecución de obxectivos que dende a perspectiva da misión, visión e compromiso do Consello Social da Universidade da Coruña resultan clave no eido da I+D+i.

En particular, serán susceptibles de seren propostas ao premio aqueles grupos que destacasen:

a) Por orientar a súa actividade investigadora á creación e a transferencia de coñecemento innovador, que resultando útil para a resolución de problemas e/ou a satisfacción de necesidades económicas, sociais, culturais e medio-ambientais concretas, contribuíra significativamente ao progreso da nosa comunidade.

Neste senso, valoraranse en particular as candidaturas que destaquen pola súa singular contribución á mellora da produtividade, competitividade e calidade das empresas galegas.

b) Por amosar unha singular capacidade para captar recursos procedentes de fontes de financiamento alleas á Universidade.

c) Por ter acadado dun xeito significativo o obxectivo de internacionalización da nosa Universidade, ao proxectar os resultados da súa actividade investigadora no eido científico, social ou cultural internacional e/ou ter fomentado a creación de lazos entre a UDC e institucións de natureza pública e privada radicadas no estranxeiro.

A Comisión de Relacións Universidade Sociedade valorará os méritos acadados polos grupos de investigación no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 10 de novembro de 2011.

**QUINTA. PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS**

O Consello Social da Universidade da Coruña iniciará o procedemento para a concesión do premio de oficio, a petición razoada de calquera membro da comunidade universitaria pertencente ao colectivo de PDI ou PAS.

Aqueles que desexen propoñer unha candidatura deberán presentar ante o Presidente do Consello Social unha proposta razoada na que se concretarán os seguintes extremos:

- a) Os datos do/s grupo/s de investigación da UDC que considera merecedores do premio.
- b) Breve explicación do/s motivo/s que o levan a presentar a candidatura.

Cada postulante poderá presentar un máximo de dúas candidaturas. As propostas deberán axustarse ao modelo normalizado que figura no ANEXO I das presentes bases e serán remitidas, firmadas e dixitalizadas en formato PDF, dentro do prazo que media entre o 10/11/2011 e o 13/01/2012, ao seguinte enderezo electrónico: [consello.social@udc.es](mailto:consello.social@udc.es)

Os servizos do Consello Social da UDC contactarán cos coordinadores dos grupos de investigación propostos ao premio IMPULSO UDC, solicitando a aceptación formal da candidatura e das presentes bases. O Consello Social excluírá as candidaturas presentadas por aqueles que soliciten o premio para os grupos de investigación dos que forman parte e as que non cumpriran cos requisitos formais e de prazo de presentación especificados na presente convocatoria.

Aceptada a candidatura, os servizos do Consello Social requirirán aos candidatos para que acheguen o formulario "Historial de investigación" e a documentación complementaria necesaria para a valoración da candidatura.

A documentación requirida presentarse ante o Consello Social da Universidade da Coruña, a través do seguinte enderezo electrónico: [consello.social@udc.es](mailto:consello.social@udc.es), no prazo de quince días contados a partir do día seguinte á data na que o interesado recibira o requerimento.

Rematado o prazo para a aceptación de candidaturas e remisión da documentación requirida, o Presidente do Consello Social convocará á Comisión de Relacións Universidade Sociedade para a valoración dos expedientes, e elevará a proposta de concesión do premio para a súa aprobación polo Pleno do Consello Social.

Á vista da proposta elevada pola Comisión de Relacións Universidade - Sociedade, o Pleno do Consello Social acordará a concesión do premios, que poderá concederse ex-aequo ou ser declarado deserto.

O Consello Social fará público o acordo de concesión do premio a través da súa páxina web e remitirá notificación por escrito a todos os interesados.

#### **SEXTA. ENTREGA DOS PREMIOS**

A entrega formal dos premios terá lugar nun acto solemne cuxa data será concretada e anunciada con posterioridade á concesión do premio.

#### **SÉTIMA. PROCEDIMENTO PARA O PAGAMENTO**

O grupo de investigación galardoado remitirá ao Consello Social da Universidade da Courña a listaxe de material bibliográfico ou informático, adecuando a contía do pedido á contía do premio. O Consello Social fará as xestións necesarias de cara á súa adquisición.

#### **OITAVA. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A presentación da candidatura ao premio IMPULSO UDC implica a aceptación incondicional destas bases. A Comisión de Relacións Universidade – Sociedade do Consello Social da UDC queda facultada para resolver cantas dúbidas de interpretación puidesen presentarse. As presentes bases atópanse excluídas do ámbito de aplicación material da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co previsto no seu art. 4.1 a).

**BASES DA CONVOCATORIA DO PREMIO CONFIANZA  
UDC AO COMPROMISO DA EMPRESA COA  
UNIVERSIDADE  
ANO 2011**

#### **PRIMEIRA. OBXECTO DOS PREMIOS CONFIANZA UDC**

A través do premio CONFIANZA UDC o Consello Social da Universidade da Coruña outorgará recoñecemento público ás empresas implicadas singularmente no fomento e/ou desenvolvemento de proxectos e iniciativas innovadoras impulsadas pola UDC nos eidos da docencia, I+D+i e da extensión universitaria.

#### **SEGUNDA. PERFIL DOS CANDIDATOS**

Poderán optar a estes galardóns as entidades privadas con personalidade xurídica propia e ánimo de lucro, que contratasen servizos, celebrasen contratos ou convenios coa UDC ou calquera dos seus institutos, departamentos, grupos de Investigación ou servizos.

#### **TERCEIRA. NATUREZA, CONTÍA E DESTINO DO PREMIO**

Na súa primeira edición, os galardoados baixo o premio CONFIANZA UDC recibirán un diploma e unha escultura ou gravado conmemorativos.

Do mesmo xeito, a condición de premiado baixo o premio CONFIANZA UDC outorgará ao galardoado o dereito ao uso do logotipo que figura no ANEXO II das presentes bases.

A concesión do premio levará implícita a autorización aos premiados do uso deste logotipo, outorgado co obxecto de proxectar a imaxe pública do galardoado.

O premiado poderá incorporar o logotipo como imaxe na papelería, páxina web ou calquera campaña de márketing que emprenda. Neste senso, comprométese a non introducir alteracións ou modificacións no logotipo de ningún tipo, salvo aquelas necesarias para adecuar as dimensións ao soporte impreso ou dixital no que se pretenda insertar.

O premiado comprométese a comunicar ao Consello Social da Coruña os usos aos que fora destinado. Neste senso, comprométese a remitir copia impresa ou electrónica dos soportes nos que este se pretenda insertar.

O uso do logotipo en ningún caso representará que o galardoado actúa en nome do Consello Social da UDC, nin que este avale as súas actividades futuras. Trátase dun recoñecemento ao compromiso coa innovación e coa UDC demostrados ata o peche do prazo de presentación de candidaturas.

O Consello Social da Universidade da Coruña resérvase o dereito a revogar motivadamente e de xeito temporal ou definitivo, a autorización do uso do logotipo previsto no Anexo II das presentes bases.

#### **CUARTA. VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS**

A Comisión de Relacións Universidade - Sociedade do Consello Social será o órgano encargado de valorar as candidaturas e de elevar ao Pleno do Consello Social a proposta de concesión do premio.

No exercicio do seu labor como xurado, a Comisión de Relacións Universidade Sociedade poderá valerse do apoio técnico que considere necesario para o mellor desenvolvemento das súas funcións. A Comisión de Relacións Universidade Sociedade avaliará as candidaturas presentadas e propondrá ao Pleno do Consello Social a concesión do premio CONFIANZA UDC ao candidato que destaque singularmente na consecución de obxectivos que o Consello Social da UDC considera prioritarios no eido do fomento das relacións universidade-sociedade, sendo susceptibles de seren propostas ao premio aqueles candidatos que destaquen:

a) Polo seu compromiso e implicación no fomento da mellora do labor docente, da actividade de I+D+i e da extensión universitaria na UDC. Neste senso, valorarase a natureza das obrigas asumidas polo candidato nos distintos marcos de colaboración Universidade - Empresa dos que fose partícipe, e no seu caso, o apoio económico ou constraprestacións que deles derivasen en beneficio da UDC.

b) Pola significativa repercusión dos resultados da colaboración entre a Universidade e a empresa no progreso económico, social, cultural ou científico de Galicia.

A Comisión de Relacións Universidade Sociedade valorará os méritos acadados polas empresas no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 10 de novembro de 2011.

#### **QUINTA. PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS**

O Consello Social da Universidade da Coruña iniciará o procedemento para a concesión do premio de oficio, a petición razoada de calquera membro da comunidade universitaria pertencente ao colectivo de PDI ou PAS.

Aqueles que desexen propoñer unha candidatura

deberán presentar ante o Presidente do Consello Social unha proposta razoada na que se concretarán os seguintes extremos:

a) Os datos do/s grupo/s de investigación da UDC que considera merecedores do premio.

b) Breve explicación do/s motivo/s que o levan a presentar a candidatura.

Cada postulante poderá presentar un máximo de dúas candidaturas. As propostas deberán axustarse ao modelo normalizado que figura no ANEXO I das presentes bases e serán remitidas, firmadas e dixitalizadas en formato PDF, dentro do prazo que media entre o 10/11/2011 e o 13/01/2012, ao seguinte enderezo electrónico: [consello.social@udc.es](mailto:consello.social@udc.es)

Os servizos do Consello Social da UDC contactarán cos responsables e directivos das institucións e empresas propostas ao premio CONFIANZA UDC, solicitando a aceptación formal da candidatura e das presentes bases. O Consello Social excluírá as candidaturas presentadas por aqueles que soliciten o premio para empresas ou institucións ás que se atopen vinculados de calquera xeito, e as que non cumpran cos requisitos formais e de prazo de presentación especificados nas presentes bases.

Aceptada a candidatura, os servizos do Consello Social requirirán aos candidatos para que acheguen o formulario "Memoria de actividades" e a documentación complementaria necesaria para a valoración da candidatura.

A documentación requirida presentarse ante o Consello Social da Universidade da Coruña, a través do seguinte enderezo electrónico: [consello.social@udc.es](mailto:consello.social@udc.es), no prazo de quince días contados a partir do día seguinte á data na que o interesado recibira o requirimento.

Rematado o prazo para a aceptación de candidaturas e remisión da documentación requirida, o Presidente do Consello Social convocará á Comisión de Relacións Universidade Sociedade para a valoración dos expedientes, e elevará a proposta de concesión do premio para a súa aprobación polo Pleno do Consello Social.

Á vista da proposta elevada pola Comisión de Relacións Universidade - Sociedade, o Pleno do Consello Social acordará a concesión do premio, que poderá concederse ex-aequo ou ser declarado deserto.

O Consello Social fará público o acordo de concesión do premio a través da súa páxina web e remitirá notificación por escrito a todos os interesados.

#### **SEXTA. ENTREGA DOS PREMIOS**

A entrega formal dos premios terá lugar nun acto solemne cuxa data será concretada e anunciada con posterioridade á súa concesión.

**SÉTIMA. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A presentación da candidatura ao premio CONFIANZA UDC implica a aceptación incondicional destas bases. A Comisión de Relacións Universidade – Sociedadea queda facultada para resolver cantas dúbidas de interpretación puidesen presentarse. As presentes bases atópanse excluídas do ámbito de aplicación material da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co previsto no seu art. 4.1 a).

# ANEXO I

## PROPOSTA DE CANDIDATURAS AOS PREMIOS IMPULSO UDC 2011

### DATOS DO POSTULANTE

APELIDOS

NOME

DNI

TELÉFONO DE CONTACTO

ENDEREZO POSTAL

ENDEREZO ELECTRÓNICO

DEPARTAMENTO/SERVIZO:

CATEGORÍA:

### DATOS DOS CANDIDATO/S POSTULADO/S

#### CANDIDATO 1

GRUPO DE INVESTIGACIÓN (NOME E ACRÓNIMO):

CENTRO:

GRUPO REF.:

ENDEREZO POSTAL:

NOME E APELIDOS DO COORDINADOR:

TELÉFONO DE CONTACTO:

ENDEREZO ELECTRÓNICO DO COORDINADOR:

#### CANDIDATO 2

GRUPO DE INVESTIGACIÓN (NOME E ACRÓNIMO):

CENTRO:

GRUPO REF.:

ENDEREZO POSTAL:

NOME E APELIDOS DO COORDINADOR:

TELÉFONO DE CONTACTO:

ENDEREZO ELECTRÓNICO DO COORDINADOR:

O postulante declara non atoparse baixo ningunha das causas de exclusión previstas na base quinta da convocatoria aos premios IMPULSO do Consello Social do ano 2011 e ter constancia da relevancia do compromiso co progreso desta Universidade amosado durante ano 2010 polo/s grupo/s de investigación postuladas, considerándoo/s merecedor/es da candidatura ao citado galardón en base aos seguintes méritos:

**CANDIDATO/A 1**

*Breve explicación dos motivos que o/a levan a presentar a candidatura:*

**CANDIDATO/A 1**

*Breve explicación dos motivos que o/a levan a presentar a candidatura:*

**SINATURA**

Na Coruña, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2011

**SR. PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**



## PROPOSTA DE CANDIDATURAS AOS PREMIOS CONFIANZA UDC 2011

### DATOS DO POSTULANTE

APELIDOS

NOME

DNI

TELÉFONO DE CONTACTO

ENDEREZO POSTAL

ENDEREZO ELECTRÓNICO

DEPARTAMENTO/SERVIZO:

CATEGORÍA:

### DATOS DOS CANDIDATOS POSTULADOS

#### CANDIDATO 1

NOME DA EMPRESA OU INSTITUCIÓN:

ENDEREZO POSTAL:

NOME E APELIDOS DO RESPONSABLE LEGAL:

TELÉFONO DE CONTACTO:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

#### CANDIDATO 2

NOME DA EMPRESA OU INSTITUCIÓN:

ENDEREZO POSTAL:

NOME E APELIDOS DO RESPONSABLE LEGAL:

TELÉFONO DE CONTACTO:

O postulante declara non atoparse baixo ningunha das causas de exclusión previstas na base quinta da convocatoria aos premios CONFIANZA UDC do Consello Social correspondente ao ano 2011 e ter constancia da relevancia da relevancia da colaboración desta empresa coa Universidade, considerándoa/s merecedor/as da candidatura ao citado galardón en base aos seguintes méritos:

**CANDIDATO 1**

*Breve explicación dos motivos que o/a levan a presentar a candidatura:*

**CANDIDATO 2**

*Breve explicación dos motivos que o/a levan a presentar a candidatura.*

**SINATURA**

Na Coruña, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2011

**SR. PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

## ANEXO II



**PREMIO IMPULSO UDC**  
**GRUPO DE INVESTIGACIÓN MÁIS COMPETITIVO**  
**2010**

CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



**PREMIO CONFIANZA UDC**  
**COMPROMISO SOCIAL DA EMPRESA COA UNIVERSIDADE**  
**2010**

CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA